



XOGOS

- 1.- **MENSAXEIRO**.- Envíe ó neno e á nena á sala de estar a que diga ó resto da familia que a comida xa está preparada, mándeo á casa do veciño a buscar algo,
- 2.- **XOGO DAS FOTOS**.- Móstrelle fotos familiares (de revistas, de folletos, ...). Fágalle preguntas do tipo: "¿Quen está rindo? , ¿Quen está de pé? , ¿Quen está sentado? , ¿Quen está xunto de mamá?. Pídalle que identifique e nomee o que ve. Pódense clasifica-las fotos por conxuntos: animais, comidas, roupa, ... Exercite a **memoria**: "Acórdaste onde está? , ¿Onde puxémo-la foto de?"
- 3.- **XOGO DAS TENDAS**.- Con obxectos coñecidos e introducindo obxectos novos, presentándollos e nomeándolos previamente, dicimos: "Vai á tenda e tráeme".
Pídalle os obxectos polo seu nome, cambie as posicións e as situacións dos obxectos.
Exercite a **memoria**: " ¿Onde estaba? , ¿Onde gardamos ...?.
- 4.- **XOGO DAS MIL CARAS**.- "Ensíname que cara porías cando estás" (enfadado, contento, cansado, asustado, triste,)
- 5.- **XOGO DE REPRESENTACIÓN**.- "Imos facer como si" (corremos, dormimos, saltamos, comemos, lavámo-los dentes,))
- 6.- **"VEO, VEO"**. Exercitámo-la **memoria**, a **imaxinación**, a **descrición**. Para que sexa máis fácil, ó principio empezamos por conxuntos de: alimentos, vehículos, oficios, personaxes,
- 7.- **CANDO PASEAMOS**, imos en coche, falamos e non nos aburrimos.
"Imos buscar coches de cor verde (azul, vermello,)"